

As organizacións SLG (Sindicato Labrego Galego), AGA (Asociación Galega de Apicultura), VERDEGAIA e Plataforma para a Defensa das Fragas do Eume queremos manifestar públicamente:

1º.-A nosa solidariedade coas persoas **vítimas** polo Gran Incendio que leva arrasadas máis de 1000 hectáreas no Barco de Valdeorras e mui en especial con aqueles que tiveron que ser atendidas polos servizos de urxencias sanitarios ou perderon as súas casas e enseres. Tampouco queremos esquecer os veciños e veciñas dos outros incendios activos en Lugo e en Ourense.

2º.-Denunciar a inoperancia da Xunta de Galicia para preveer e extinguir os incéncios forestais que se estan a converter nunha autentica praga que esquilma o medio ambiente forestal, produce grandes perdas económicas e pon en perigo a integridade física das persoas, cada vez con máis frecuencia.

3º.-Denunciar a política da Xunta de Galicia que aposta por medidas contrarias á explotación racional do monte e favorece de xeito indirecto a pragas dos incéncios forestais; boa proba desto e a recente aprobación da Lei de Montes ou o borrador do cultivos enerxéticos forestais.

4º.-Denunciar as políticas da unión europea, goberno central e Xunta de Galicia que tenden ao abandono do medio rural co peche de explotacións agrarias e gandeiras convertendo esta políticas nun dos factores fundamentais na expansion dos incendios forestais e na imposibilidade do seu control.

5º.-Denunciar a redución nas partidas orzamentais na prevención e na extinción de incendios que o goberno do Sr. Feijoo ven facendo o que conleva menos medios materiais e humans para o control e a prevención dos incendios forestais.

6º.-Trasladar a opinión pública que as 4 organizacións decidiron sumar os seus esforzos e criar unha **organización nacional galega permanete** que teña como fin vixiar, debater, propoñer, denunciar e mobilizar no intento de forzar actuacións e medidas políticas que rematen dunha vez coa praga incendiaria que todos os anos asolan Galiza e que nos últimos 40 anos suman tantas hectáreas como se o territorio galego tivera ardido unha vez na súa totalidade.

7º.-As 4 organizacións facemos un chamamento á sociedade civil e as distintas organizacións (culturais, deportivas, veciñais, sindicais, políticas, cooperativas, persoas a título individual,) para organizarse e mobilizarse e presionar as distintas instancias administrativas e políticas para que dunha vez por todas se tomen as medidas precisas para combater e preveer de xeito efectivo a praga dos incendios forestais na Galiza.

TELEFONOS CONTACTOS

PLATAFORMA PARA A DEFENSA DAS FRAGAS DO EUME – Miguel Anxo Abreira 629280565

AGA – Xesus Asorey 630069635

SLG – Isabel Vilalba 608905444

VERDEGAIA – Marga Rubido 620-329369

VECIÑA DA ZONA AFECTADA POLOS INCÉNDIOS – Concha Fernández 635540216